



Protocolo entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa Navantia, a Confederación de Empresarios Ferrolterra, a Asociación de Empresarios Ferrolterra, o Clúster do Naval Galego, a Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, a Asociación de Empresas del Sector Naval Público de la Ría de Ferrol e a Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña, para o fomento da formación profesional dual nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

En Santiago de Compostela, dezanove de febreiro de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dona -----, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Don -----, business partner site-Navantia Recursos Humanos Ría de Ferrol, en representación de Navantia.

Don-----, presidente da Confederación de Empresarios Ferrolterra, elixido na asemblea xeral celebrada o nove de xuño de dous mil quince, actuando en nome e representación da Confederación.





Don -----, presidente da Asociación de Empresarios Ferrolterra, elixido na asemblea xeral extraordinaria da Asociación de Empresarios Ferrolterra, celebrada o día vinte e un de xuño de dous mil dezaioito, actuando en nome e representación da mesma.

Don -----, presidente do Clúster do Naval Galego, Aclunaga, elixido na elixido na asemblea xeral do Clúster do Naval Galego celebrada o día dezaseis de xullo de dous mil quince, actuando en nome e representación do mesmo.

Don -----, presidente da Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, Asime, elixido por acordo da xunta directiva da Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, Asime, tomado na reunión celebrada o día trinta e un de xullo de dos mil dezaioito, actuando en nome e representación da mesma.

Don -----, presidente da Asociación de Empresas del Sector Naval Público de la Ría de Ferrol, elixido na reunión da constitución da asociación celebrada o día doce de decembro de dos mil dezaioito, actuando en nome e representación da mesma.

E don -----, presidente da Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña, elixido na reunión da asemblea xeral celebrada o día trinta de setembro de dos mil catorce, actuando en nome e representación da asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que podan producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.





2. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, protocolos, subvencións ou outros procedementos.

4. Que a formación profesional dual é unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo. A FP dual integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional: formación curricular, traballo na empresa e formación complementaria, combinando a asistencia do alumnado no centro educativo coa súa formación e o seu traballo na empresa. Os centros e as empresas comparten as responsabilidades formativas para que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral.

5. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos





profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

6. Que a Confederación de Empresarios Ferrolterra e Asociación de Empresarios Ferrolterra veñen colaborando en distintas actuacións relacionadas coas ensinanzas de formación profesional, e esta colaboración formalizouse nos convenios asinados no 2016. Neste sentido, veñen colaborando neste último curso na implementación da formación profesional dual no segundo ano do ciclo formativo.

7. Que o obxectivo de Aclunaga é o de mellorar a competitividade e impulsar o desenvolvemento do conxunto de empresas que integran o sector naval galego, participan 180 empresas cuxos produtos e servizos abarcan todos os segmentos da cadea de valor da construción naval (desde estaleiros e enxeñarías ata sociedades de clasificación e certificadoras, pasando por empresas proveedoras de bens de equipo e de subministracións, empresas habilitadoras, instaladores ou empresas do metal.

8. Que Navantia é unha sociedade pública dedicada á construción naval civil e militar que aporta solucións integrais aos seus clientes, xa que posúe a capacidade propia para facerse responsable de calquera programa naval do mundo entregando os buques totalmente operativos e dando o apoio necesario durante todo o ciclo de vida do produto. Ademais, Navantia é unha empresa tecnolóxicamente punteira na que o I+D+i é un área estratéxica da compañía co fin último de adaptarse ás necesidades presentes e futuras do mercado. Navantia é a primeira empresa española de tecnoloxía naval militar e dedica cerca dun 7% da súa facturación ao I+D+i.

9. Que Asime ten como obxectivo principal a defensa corporativa e individual dos intereses comúns dos seus asociados. O sector metalúrxico galego conta con máis de 60.000 traballadores e representa o 20% do PIB de Galicia con máis de 600 empresas asociadas representativas das actividades de Automoción, metalmecánica e transporte; Naval, marítima e enerxías mariñas; Construcións e estruturas metálicas; Aeronáutica; Aluminio: extrusión,





carpintería e cerramentos; Ascensores e elevadores; Servizos complementarios: loxística, sistemas de información e comunicación, etc.

10. Que a Asociación de Empresas del Sector Naval Público de la Ría de Ferrol de recente creación servirá como nexo de unión entre todas as industrias auxiliares que operan nas instalacións de Navantia na ría da cidade naval.

11. Que Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña é unha asociación de ámbito provincial e entre as súas facultades ten a organización de actividades de carácter formativo técnico e comercial, para o mellor desenvolvemento dos seus fins.

12. Que Navantia, a Confederación de Empresarios Ferrolterra, a Asociación de Empresarios Ferrolterra, Aclunaga, Asime e a Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña, xa veñen colaborando coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en distintas actuacións relacionadas coas ensinanzas de formación profesional.

13. Que a Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0 aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. Entre os seus obxectivos reforzar os sectores estratéxicos da economía galega, entre os que se encontra o sector naval e o da automoción, e impulsar os sectores emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC.

14. Por todo isto, as partes asinantes están dispostas a colaborar para a promoción de ensinanzas de formación profesional dual como liña estratéxica para o desenvolvemento empresarial e económico e así promover a inserción laboral do alumnado. En consecuencia, e de conformidade co exposto, formalizan o presente protocolo de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes,





CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do protocolo

O obxecto do presente protocolo é establecer a colaboración entre Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a empresa Navantia, a Confederación de Empresarios Ferrolterra, a Asociación de Empresarios Ferrolterra, Aclunaga, Asime, a Asociación de Empresas del Sector Naval Público de la Ría de Ferrol e a Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña, para o impulso de proxectos de formación profesional dual no ámbito territorial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e na implementación da modalidade de formación profesional dual no segundo año do ciclo formativo. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas, implicadas neste protocolo, e no centro educativo para afrontar de forma conxunta e continuada no tempo a preparación dos novos profesionais, que requiren dunha alta cualificación para uns sectores altamente complexos e especializados.

Segunda. Comisión de seguimento

Para o seguimento, control e supervisión do protocolo, establecerase unha comisión de seguimento, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Unha persoa representante de Navantia.
- Unha persoa representante da Confederación de Empresarios Ferrolterra.
- Unha persoa representante da Asociación de Empresarios Ferrolterra.
- Unha persoa representante de Aclunaga.
- Unha persoa representante de Asime.
- Unha persoa representante da Asociación de Empresas del Sector Naval Público de la Ría de Ferrol.
- Unha persoa representante da Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actuará como secretaria.





Terceira. Vixencia do protocolo

O protocolo entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o protocolo poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data prevista de finalización do protocolo.

Cuarta. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, as partes asinantes que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Quinta. Publicidade do protocolo, transparencia e bo goberno

A firma deste protocolo suporá o consentimento expreso dos asinantes do á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao protocolo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sexta. Carácter administrativo do protocolo

O presente protocolo de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación,





sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes firman o presente protocolo por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

O business partner site-Navantia Recursos
Humanos

O presidente da Confederación de Empresarios
Ferrolterra

O presidente da Asociación de Empresarios
Ferrolterra

O presidente de Aclunaga,
no seu nome o xerente





**XUNTA
DE GALICIA**

O presidente de Asime

O presidente da Asociación de Empresas del
Sector Naval Público de la Ría de Ferrol

Por autorización expresa do
presidente: -----

O presidente da Asociación de Empresas Siderometalúrxicas da Coruña

Por autorización expresa do presidente: -----



Xacobeo 2021